

A XESTIÓN DA PREVENCIÓN NA ESCOLA

A realidade da prevención dos riscos laborais no noso país pon de manifesto que, a pesares dos esforzos realizados na formación de adultos ao longo de máis de 20 anos, a nosa taxa de sinistralidade laboral non se reduce e segue a ser a máis alta de Europa.

Os factores que inflúen nesta realidade poden ser diversos: malas condicións de traballo, tipo de contratación, etc., pero aquí interéstanos resaltar un que é fundamental: *o educativo*. A falla dunha *cultura preventiva* na nosa sociedade é un elemento importantísimo no desencadeamento do accidente; por iso impónse a necesidade de dirixir unha parte da nosa formación a aqueles que son receptores idóneos para o ensino: os nenos. Deste modo, se o futuro traballador/a adquire unha “*cultura preventiva*”, que lle fai adquirir hábitos de conducta seguros, estes serán de gran utilidade cando se incorpore ao mundo laboral, producíndose unha redución dos accidentes.

Polo tanto, impónse *a escola como marco idóneo da xestión da prevención*, e aínda diríamos máis, de “*a xestión da prevención*”, porque vai ser nela onde se desenvolverá ou formará esa cultura da prevención.



En consecuencia, propoñemos desenvolver un modelo organizativo axeitado aberto ás circunstancias de cada Centro para levar a cabo esa xestión – “*xestión*”- da prevención na escola.

A ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DENTRO DA ESCOLA: A PARTICIPACIÓN DE TODOS OS IMPLICADOS

O obxectivo fundamental que perseguimos é o de integrar na *Cultura da Prevención a alumnos, profesores e pais*, mediante un programa educativo incluído de forma transversal nos centros docentes, seguindo as pautas marcadas na normativa de aplicación, no que chamamos *Círculo integral da cultura da prevención*.


A prevención de riscos debe incluírse, como dicimos, nun programa educativo participativo, baseado nunha organización que debe asentarse nun conxunto de *principios básicos* que, ademais de constituír un soporte formal, presupón a asunción desa nova cultura por parte da *Comunidade Educativa*, e a participación no goberno dos centros levarase a cabo por medio dos Consellos Escolares.

NA PARTICIPACIÓN DE TODOS OS IMPLICADOS
NA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA ESTARÁ O ÉXITO
DA XESTIÓN PREVENTIVA

Nesta xestión, a educación para a seguridade e a saúde no traballo debe contar coa *organización mesma do centro*, da que nacerán os órganos específicos que se estimen necesarios.

OS CONSELLOS ESCOLARES

Serán, por tanto, os Consellos Escolares os que, como integrantes de todos os partícipes no proceso educacional do neno/a (pais e nais, profesores/as, alumnos/as e administración), adopten o *compromiso* desta nova cultura da prevención, incluíndoa no *Proxecto Educativo do centro e no Regulamento de Réxime Interior ou de Organización e Funcionamento* do mesmo. Neste ademais, estableceranse unhas pautas de comportamento en materia de seguridade e saúde no traballo, e tamén se establecerán os órganos encargados de desenvolvela e velar polo seu cumprimento.




Polo tanto, os Consellos Escolares terían como función principal dar o paso decisivo para a realización das actividades de educación para a seguridade e a saúde no traballo na escola, *adoptando*:

- O acordo colectivo de iniciar o Programa de Seguridade e Saúde no Traballo.
- A creación dunha estrutura participativa (Comités, Comisións, etc.)
- A aprobación de prioridades nesta materia proposta pola estrutura participativa (Comités e resto de órganos).
- A promoción do Programa e

- A adaptación, entre outros, do Regulamento de Organización e Funcionamento aos contidos de dito Programa.

A estrutura participativa, como órgano específico creado polos Consellos Escolares, podería estar constituída polos Comités de Seguridade e Saúde, polas Comisións e polos Delegados/as de Seguridade, dos que analizaremos posteriormente as funcións e composición.



Pretendemos que esta *estructura participativa*, creada polo Consello Escolar, teña un notable *paralelismo* coa estrutura que a empresa ten en materia de prevención de riscos laborais, a fin de que como un elemento máis da cultura da prevención se vaia ensaiando na escola co mesmo organigrama de funcionamento empresarial.

OS COMITÉS DE SEGURIDADE E SAÚDE


Serán os *órganos de participación* de profesores e alumnos, aprobados polo Consello Escolar e compostos polo director do centro, como presidente de dito Comité, e por tantos vocais como profesores titores e alumnos delegados de curso existan.

Como órgano colexiado que é, o Comité adoptará as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse como mínimo trimestralmente e sempre que o solicite algún dos seus membros.

Entre as funcións asignadas a este órgano estarían, entre outras, as seguintes:




- Diseñar, propoñer e planificar actividades.
- Velar pola execución desta educación en materia de seguridade e saúde no traballo no centro escolar.
- Vixiar o cumprimento do Regulamento de Réxime Interior ou de funcionamento nesta materia.
- Apoiar, coñecer e controlar as actividades realizadas por outros órganos ou persoas.
- Controlar o Rexistro de Accidentes Infantís e o Botiquín de Urgencias.
- Solicitar o asesoramento de outros órganos externos ao Centro Educativo (Por exemplo, Centros de Seguridade e Saúde Laboral das Comunidades Autónomas).



Dependiendo de estos Comités, estarían las Comisiones y los Delegados de Seguridad.

AS COMISIONES DE SEGURIDADE E SAÚDE

Como órganos dependientes de los Comités existirán las Comisiones en número igual al de cursos integrados en el Programa Educativo sobre Seguridad y Salud en el Trabajo. Estarán compuestas por el profesor-tutor y por el alumno/a delegado de curso.



Estas Comisiones serán las encargadas de que se lleven a cabo, entre otras, las siguientes actividades de aula, en colaboración con el resto del profesorado:

- Realización de trabajos en grupo.
- Detección, evaluación y prevención de riesgos.
- Comprobación de los materiales de seguridad del centro (extintores, mangueras contra incendios, botiquines, etc.).
- Análisis de ejemplos prácticos de los principales riesgos del entorno y de las medidas preventivas que hay que adoptar.
- Debates y coloquios sobre accidentes ocurridos y conclusiones sobre los mismos.
- Realización de entrevistas y encuestas sobre esta materia.
- Descripción por escrito de situaciones de riesgo que puedan provocar accidentes.
- Redacción de normas e/ou señales de seguridad.
- Visitas guiadas a empresas.
- Simulaciones de evacuaciones.


- Investigación de accidentes.
- Confección de datos estadísticos dos accidentes á vista do Rexistro Escolar para o seu posterior análise.
- Organización de cursiños, charlas, etc.
- Creación dun periódico ou boletín informativo co propósito de sensibilizar aos pais e ao resto da sociedade.

En definitiva, estas Comisións deben ser as que potencien a *realización de traballos en grupo*, pois facilitan a comprensión do ensino, promovendo un ambiente receptivo ao aprendizaxe e de participación nas tarefas.

OS DELEGADOS/AS DE SEGURIDADE

A última figura que propoñemos dentro desta estrutura organizativa da xestión da prevención na escola é a do Delegado/a de Seguridade.

Entendemos que o nomeamento debe recaer no *alumno/a delegado/a de curso*, que é o que ostenta a *representación*, por elección, dos seus compañeiros/as, da mesma maneira que os Delegados/as de Prevención nas empresas. Polo tanto deberá establecerse no Regulamento de Organización e Funcionamento do Centro que os Delegados/as dos alumnos/as asuman, tamén, á hora de ser elixidos, as competencias en materia de seguridade e saúde no traballo.



É dicir: a xestión “xestión” da prevención é a que debe implicar a toda a sociedade no seu conxunto.

Os delegados/as de curso terán como función principal a de exercer un *labor de vixilancia e control* da seguridade e a saúde no aula, da que son representantes de curso, ademais do resto do recinto escolar. A estes efectos, o recinto escolar poderá dividirse por áreas ou zonas, asignándolle a cada Delegado/a unha determinada, a maiores da súa aula propia (zona de deportes, de corredores, de recreo, etc.).

Así mesmo, *a participación e a colaboración* co resto dos órganos é fundamental como tarefa a desenvolver polos Delegados de Seguridade, elevando as suxestións e as propostas oportunas ao Comité de Seguridade e Saúde.

En definitiva, o que estamos a propoñer con este programa de actuación, en materia de Seguridade e Saúde no traballo, é iniciar unha *Política de Prevención* dende o deseño mesmo do Proxecto de Construcción Escolar, hasta a inclusión da denominada Cultura da Prevención en todos os niveis educativos, que involucre, mediante este proceso de xestión – “xestión” da prevención na escola, á sociedade no seu conxunto.